

reclamacións ou alegación individuais ou colectivas, tanto de oposición como de modificación ou rectificación. A tal efecto as persoas que se consideren afectadas dalgún xeito poderán examinar o expediente na secretaria deste concello.

Outro exemplar exactamente igual a este, queda exposto no taboleiro de edictos deste Concello.

Trazo 08/08/08

O Alcalde

Asdo / José Dafonte Varela

08/10092-2

## VAL DO DUBRA

### ANUNCIO

*Aprobación definitiva do Regulamento de axuda no fogar*

### ANUNCIO APROBACIÓN DEFINITIVA ORDENANZAS E REGULAMENTOS

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación de data 19 de xuño de 2008, e sometido a trámite de información pública polo prazo dun mes sen que se teñan presentado alegacións, segundo o disposto no artigo 17.4 da Lei 39/1988 do 28 de decembro faise público o texto íntegro do seguinte regulamento:

- Regulamento da prestación do servizo de axuda no fogar.

### REGULAMENTO DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

#### Exposición de motivos:

O Concello de Val do Dubra publicou o Regulamento da prestación do Servizo de Axuda no Fogar, no BOP nº 44, do 24 de febreiro de 1999. Os cambios que introduce a Lei 39/2006 de promoción da autonomía personal e atención ás persoas en situación de dependencia, inciden directamente en aspectos importantes da prestación do servizo, e fan que as expectativas con respecto a este evolucionen.

É por iso que se debe considerar a necesidade de evolucionar tamén de cara a unha nova etapa na prestación do Servizo de Axuda no Fogar, que leva canda si a adaptación ás metas de prestación ás persoas dependentes. Como punto de partida dunha atención integral, preséntase o novo regulamento con expresa derogación do vixente.

A modificación máis salientable é a intensidade do Servizo de Axuda no Fogar para as persoas dependentes, que deberá respectar as ratios expresadas en horas/mes, e serán distribuídas en atencións domésticas e persoais.

Agora ben, en canto non se implante o novo sistema de valoración, terán o recoñecemento de grandes dependentes, aquelas persoas que acrediten os requisitos seguintes:

I. Ser receptor de pensión de gran invalidez ou ter recoñecido o grado de minusvalidez igual ou superior ó 75% xunto coa necesidade de terceira persoa.

II. Acreditar mediante informe médico do SERGAS a situación de gran dependencia, en que expresamente se indique que a persoa afectada pode permanecer residindo no seu domicilio sen requirir atención hospitalaria.

En consecuencia, no exercicio da potestade regulamentaria recoñecida ós concellos no artigo 4.1 a) da Lei 7/85, do 2 de abril, dispónse:

#### Artigo 1º: Obxecto

O obxecto do presente regulamento é a adaptación do Servizo Municipal de Axuda no Fogar ás novas necesidades e organización do Concello de Val do Dubra, respectando o establecido na Lei 4/1993 do 14 de abril de Servizos Sociais, no Decreto 240/1995 do 28 de xullo, que regula os Servizos Sociais de Atención Primaria, e a Orde do 22 de xullo de 1996 da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais, pola que se regula o Servizo de Axuda no Fogar, e ademais, á Lei 32/2006 do 14 de decembro de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás Persoas Dependentes, ó Real Decreto 727/2007 de 8 de xuño sobre criterios para determinar a intensidade de protección, servizos e contías das prestacións da Lei 32/2006, e ó establecido na Orde de 31 de xaneiro pola que se regulan as bases das axudas para a prestación de Servizos Sociais polas corporacións locais (Plan Concertado), e demais lexislación aplicable.

#### Artigo 2º: Concepto

O Servizo de Axuda no Fogar ten a consideración de prestación básica de servizos sociais de atención primaria, inserta nun sistema integrado de Servizos Sociais, de carácter complementario e transitorio, que non exime á familia de responsabilidades, con planificación, coordinación e control público, que ofrece un conxunto de atencións dende unha perspectiva integral e normalizadora dentro do propio domicilio, con carácter preventivo, educativo e rehabilitador, e que se presta ó través de persoal especializado.

#### Artigo 3º: Obxectivo

O obxectivo xeral do Servizo de Axuda no Fogar, será o de apoiar integralmente ás persoas naquelas situacións nas que se vexa limitada a súa autonomía, e aos grupos en situación de desintegración familiar, facilitando a permanencia no propio contorno de convivencia e evitando no posible a institucionalización.

#### Artigo 4º: Atencións

Como norma básica, todas as accións desenvolvidas dende o Servizo de Axuda no Fogar, terán un carácter excepcional e complementario das capacidades do/a usuario/a e doutras persoas do seu entorno inmediato. Nunca se prestarán atencións que o/a beneficiario/a ou a súa familia e/ou achegados poidan desenvolver por si mesmos, de xeito que se potencie ao máximo a autonomía e non a dependencia.

As ditas accións son:

1. De carácter persoal: aquelas que van dirixidas especificamente ao usuario cando este non poida realízalas por si mesmo ou precise apoio para levalas a cabo:

- I. Aseo persoal
- II. Axuda para comer
- III. Supervisión de medicación simple e pequenas curas
- IV. Mobilización dentro do fogar
- V. Compañía dentro do fogar
- VI. Actividades de ocio dentro do fogar

2. De carácter doméstico: aquelas que se realizan no fogar de xeito cotián:

- I. Compra de alimentos e artigos de primeira necesidade
- II. Coladas (lavado, recollida, pasar o ferro e mantemento ...)
- III. Limpeza do fogar, limitada a tarefas de limpeza cotián

IV. Elaboración de comidas axeitadas ó estado, condicións e necesidades do usuario

Como norma xeral non se realizarán as labores de: limpeza de portais e/ou escaleiras comunitarios; labores de xardín e horta; alimentación e aseo de animais; limpeza de cristais, lámpadas, teitos e paredes (salvo que deban efectuarse segundo criterio técnico da Traballadora Social do Concello previa valoración da situación social e económica).

3. De acompañamento fóra do fogar: para a realización de xestións tales como:

I. Compra de alimentos e produtos de primeira necesidade.

II. Recetas médicas

III. Tramitación de documentos

IV. Como norma xeral, as saídas fóra do domicilio realízanse con medios propios do usuario, facendo o auxiliar funcións de acompañamento, non de traslado.

4. De carácter psico-social e educativo: son intervencións profesionais de apoio ó desenvolvemento das capacidades persoais, afectividade, convivencia, integración na comunidade e estruturación familiar, entre outras:

I. Soporte a familias con problemas relacionais ou de atención a menores en risco de institucionalización

II. Asesoramento e formación de pais

III. Apoio na relación co contorno

IV. Aquelas outras que se valoren tecnicamente como realizables dentro do programa

5. De carácter técnico complementario: sempre que supoñan un apoio á non institucionalización, vaian en beneficio do Servizo e/ou dos seus resultados e sexa viable a súa posta en funcionamento:

I. Comida a domicilio

II. Lavandería a domicilio

III. Teleasistencia

IV. Aquelas outras que se valoren tecnicamente como realizables dentro do programa

6. Normas xerais a todas as actuacións previstas:

I. Todas as actuacións descritas serán complementarias das propias capacidades dos usuarios e doutras persoas do seu contorno inmediato

II. Para a realización destas actuacións, o usuario deberá proveerse dos medios necesarios (alimentos, artigos de hixiene e limpeza, electrodomésticos ...).

III. Para cada usuario, o técnico responsable enumerará as accións que se deben realizar, excluíndose implicitamente as restantes.

**Artigo 5º: Destinatarios**

O servizo de Axuda no Fogar estará dirixido a toda a poboación en xeral, e con carácter prioritario ás persoas en situación de dependencia e ás que debido ás súas circunstancias físicas, psíquicas, socio económicas e/ou familiares, teñan limitada a súa autonomía persoal e a súa capacidade de relación social, sempre e cando este sexa o recurso adecuado segundo a valoración dos profesionais dos Servizos Sociais de Atención Primaria. Ás adxudicacións do Servizo aplicaráselle o límite que necesariamente se desprenda de criterios de dispoñibilidade presupostaria.

Con carácter xeral, os posibles usuarios serán:

I. Persoas en situación de dependencia que poidan permanecer na súa residencia sen requirir atención hospitalaria

II. Persoas maiores ou con minusvalidez con certo nivel de dependencia que carezan de axuda persoal no domicilio, e para os que este servizo poida significar a súa continuidade no fogar coas súas necesidades básicas plenamente cubertas.

III. Persoas con anciáns, minusválidos ou enfermos crónicos ó seu cargo que precisen axuda para atendelos.

IV. Familias en grave estado de desestruturación ou en alto risco de padecela, sempre en colaboración e baixo os criterios do programa de Educación Familiar.

V. En xeral, cando exista unha situación de desatención familiar ou persoal, avaliada tecnicamente e que xustifique a intervención do servizo.

Non poderán ser usuarios deste servizo:

I. As persoas que poidan beneficiarse dun servizo similar por parte doutra entidade, tales como Muface, Isfas, Once.

II. As que poideran acceder a Cheque Asistencial segundo a valoración feita polo Traballador Social da Atención Primaria do Concello.

III. As que presenten un estado de deterioro físico ou psicolóxico tal que provoque unha valoración técnica de internamento asistido en centro residencial

**Artigo 6º: Competencia:**

O Servizo de Axuda no Fogar é un servizo de competencia municipal que poderá prestarse mediante contrato de xestión de servizo público, tal e como establece o artigo 8 de la Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.

**Artigo 7º: Profesionais**

a) Traballadores Sociais dos servizos sociais de atención primaria, ós que corresponden as funcións de:

I. A programación xeral do Servizo

II. As xestións para a financiación

III. A difusión-información sobre o servizo

IV. A recepción das demandas

V. A avaliación das necesidades

VI. A proposta de concesión/denegación do servizo

VII. A valoración da idoneidade do persoal

VIII. A programación de cada servizo concreto

IX. A estimulación para a autoaxuda e participación familiar

X. A coordinación dos diferentes axentes intervintes

XI. A avaliación e modificación no servizo

b) No seu caso, Traballadores Sociais da entidade xestora do servizo:

I. Coordinación do servizo e dos recursos humanos necesarios

II. Supervisión e seguimento do servizo

III. Mantemento das canles de comunicación cos Traballadores Sociais de Atención Primaria

c) Auxiliares de axuda no fogar, tanto do Concello como de entidades xestoras:

I. Asistenciais, de atención persoal e doméstica, co usuario e a familia

II. De orientación/información

III. Educativas, sobre todo en habilidades sociais

IV. De colaboración co traballador social no seguimento e avaliación

d) Outros profesionais: educador familiar, psicólogo, animador sociocultural, persoal sanitario entre outros afíns, que intervirán para cada caso cunha programación específica, elaborada para o efecto con mención dos obxectivos, metodoloxía e sistemas de avaliación en equipo

e) Voluntariado: serán persoas que actúen de forma solidaria, sen expectativas de remuneración, complementando de forma coordinada as funcións e tarefas encomendadas ó persoal anteriormente citado. As súas funcións encamiñaranse de cara a:

I. Acompañamento dentro e fóra do domicilio

II. Realización de xestións fóra do domicilio tales como compra, receitas e pequenas xestións coa administración.

III. Ocupación do tempo libre e reforzo escolar.

IV. Calquera outras acordadas polo equipo e que non sexan necesariamente susceptibles de responsabilidade por parte dos demais profesionais.

Para tal fin, estarase ó disposto na Lei do Voluntariado e na Lei de Servizos Sociais, en canto á formación, responsabilidade, cartas do voluntariado, actuación organizada, obxectivos, e demais que se establezan.

#### Artigo 8º: Normas

O Servizo de Axuda no Fogar estará rexido polas seguintes normas, que deberán respectar tanto o beneficiario e as persoas do seu contorno, coma os profesionais e voluntarios que interveñan:

I. Establécese como período para a prestación do servizo, de luns a venres, quedando excluídas as fins de semana, festivos e horario nocturno (20:00 a 8:00), se ben, de xeito excepcional e previo informe técnico a favor, poderá variarse este.

II. Como norma xeral, o servizo terá unha duración máxima de dúas horas diarias de luns a venres, e mínima de 3 horas semanais, excepto para persoas dependentes, xa que a intensidade do servizo de axuda no fogar deberá respectar as seguintes ratios, expresadas en horas/mes, que serán distribuídas en atencións persoais e domésticas:

GRADO III. Gran Dependencia

NIVEL 2: entre 70 e 90 horas/mes

NIVEL 1: entre 55 e 70 horas/mes

GRADO II. Dependencia Severa

NIVEL 2: entre 40 e 55 horas/mes

NIVEL 1: entre 30 e 40 horas/mes

3) No caso de que non poidan atenderse todas as demandas, poderase elaborar unha lista de espera, dende a que se accederá ó servizo por orde de puntuación, considerando sempre a prioridade das persoas con recoñecemento da situación de dependencia

I. Os/as usuarios/as quedan obrigados a comunicar todas as modificacións que puidesen afectar á prestación do servizo: ingresos, convivencia, domicilio, dependencia, ...

II. O tempo de atención ós/as beneficiarios/as poderá ser modificado en función das variacións que se produzan nas súas circunstancias persoais e/ou familiares, así como pola dispoñibilidade de medios do Servizo Municipal de Axuda no Fogar

III. Con carácter xeral, non se levará a cabo dentro nin fóra do fogar, ningunha labor que non vaia dirixida ó beneficiario/a do servizo, nin aínda para persoas que convivan no mesmo

domicilio. Exceptuaranse casos tecnicamente informados e motivados.

IV. Será preceptivo por todas as partes, o respecto ás condicións estipuladas no contrato de prestación do servizo (tarefas, horarios, supervisións, achegas económicas ...)

V. Enténdese que durante a prestación do servizo, a entidade xestora poderá realizar cambios de auxiliar e de horario en base á boa organización do servizo, aínda manténdose o acordo de tarefas a realizar.

VI. Como norma xeral, cando o usuario non se atope no domicilio, non se prestará o servizo, e o/a Auxiliar nunca estará en posesión das chaves da vivenda. Excepcionalmente e por causas graves o responsable técnico poderá decidir que o Auxiliar acceda ó domicilio acompañado doutra persoa, ou coa previa autorización do usuario por escrito.

VII. As queixas ou suxerencias dos beneficiarios ou as familias, presentaranse sempre ante o/a Traballador/a Social, e nunca tentarán dirimirse co/a Auxiliar de Axuda no Fogar

VIII. A entidade xestora facilitará ós/as Auxiliares o equipamento necesario para o desenvolvemento da súa actividade (uniformidade).

IX. O/a usuario/a e mailo/a Auxiliar que tivese coñecemento, debe informar ó/a técnico/a responsable de calquera cambio que se produza na situación sanitaria, social, económica e/ou familiar do beneficiario e do contorno, así como das datas de ausencia do domicilio.

X. Tanto os usuarios como os profesionais e voluntarios que interveñen no servizo, mostrarán un total e absoluto respecto á intimidade e á confidencialidade.

XI. O acto da remuneración do Auxiliar correrá a cargo da entidade xestora, motivo polo que o usuario non deberá facerlle entrega de ningunha cantidade nin gratificación en cartos ou especies. O auxiliar non admitirá ningunha contraprestación do usuario, nin será custodio de ningún tipo de ben nin documentación que os represente.

XII. O servizo prestarase unicamente en domicilio, excluíndose a asistencia a hospitais por ingreso do beneficiario

#### Artigo 9º: Acceso ó Servizo

A solicitude para acceder ó Servizo de Axuda a Domicilio tramitarase ante o Concello, ó través do Departamento de Servizos Sociais, achegando como mínimo:

I. Fotocopia do DNI, pasaporte ou NIE do solicitante e/ou usuario.

II. Documentos identificativos das persoas que forman o núcleo de convivencia

III. Certificado de empadramento

IV. Tarxeta da Seguridade Social do usuario.

V. Para persoas dependentes: certificado de valoración da dependencia.

VI. Informe médico. Para os casos de dependencia, con indicación expresa de que pode permanecer no domicilio sen atención hospitalaria

VII. Declaración da Renda de todas as persoas que conforman o núcleo de convivencia, e no seu defecto, certificado de imputación de rendas do derradeiro exercicio

VIII. Certificados de contribución rústica, urbana e fiscal

IX. Xustificante de pensións, paro, nóminas, e outras retribucións.

X. Impreso de solicitude

XI. Calquera outro documento que se estime oportuno para a correcta valoración da situación familiar e persoal do solicitante

A tramitación dos expedientes levarase a cabo segundo o seguinte protocolo:

I. Os servizos administrativos do Departamento de Servizos Sociais comprobarán que a solicitude reúne os requisitos establecidos no presente regulamento, e procederá a reclamar por escrito ós interesados cantos datos e documentos complementarios sexan necesarios para resolver o expediente.

II. Unha vez completados, os expedientes serán remitos ó Traballador Social de Atención Primaria, que comprobará as circunstancias sociais do solicitante a través de visitas domiciliarias e entrevistas. Posteriormente, elaborará un informe-proposta, no que se recollerá:

- A. Proposta de concesión/denegación
- B. Causas de denegación no seu caso
- C. Tarefas a realizar
- D. Horario, duración e intensidade do servizo
- E. Achega económica do beneficiario ou familia
- F. Data de alta no servizo
- G. Observacións

III. A resolución sobre a concesión/denegación do servizo correspóndelle ó Alcalde ou Concelleiro delegado (ou comisión avaliadora creada para o efecto) a proposta do Traballador Social do Departamento de Servizos Sociais

IV. Notificación escrita da resolución e condicións do servizo ó interesado.

V. Aceptación por escrito das condicións en que se prestará o servizo por parte do interesado, Traballador Social Municipal, Traballador Social de empresa xestora (de habelo), e Auxiliar

VI. No caso de existir entidade xestora allea ó Concello, notificaráselle a alta do usuario, e a entidade procederá nese momento á designación de auxiliar

VII. O Concello terá en todo momento coñecemento da xestión do servizo, ben a través do Traballador Social do Departamento de Servizos Sociais, que fará o seguimento, ben ó través da información emitida polo Traballador Social da empresa xestora e máis da supervisión que sobre esta faga o Técnico Municipal.

Este procedemento poderá abreviarse cando unha situación reciba a consideración de urxente, sendo esta a que requira unha resposta inmediata a unha situación excepcional.

**Artigo 10º: Causas de extinción**

A) Serán causas de extinción do Servizo de Axuda a) Fogar as que siguen:

- I. Renuncia do usuario
- II. Ingreso definitivo en centro residencial
- III. Traslado da residencia a outro Concello
- IV. Baixa no padrón municipal de habitantes
- V. Falecemento
- VI. Desaparición das causas que motivaron a alta no servizo
- VII. Incumprimento das condicións establecidas no contrato de prestación do servizo ou no regulamento interno de funcionamento deste
- VIII. Impago das cotas correspondentes durante 2 meses consecutivos ou alternos

IX. Falta de colaboración do usuario ou familia para poder levar a termo as tarefas propostas

X. Deterioro psicofísico que faga recomendar o seu ingreso en centro para unha correcta atención persoal

XI. Ausencia necesaria, xustificada e comunicada do beneficiario por período superior a dous meses (durante os cales aboará a cota contratada)

XII. Ausencia non necesaria e/ou non xustificada e/ou non comunicada, superior a 5 días, ou ausencias non comunicadas e reiteradas de un día.

XIII. Ausencia non necesaria, aínda que debidamente comunicada, superior a un mes

XIV. Que o Concello deixe de prestar o servizo

B) Para a suspensión do servizo, o Traballador Social do Concello elaborará un informe coas causas e elevará unha proposta de extinción, que será resolta polo Alcalde ou Concelleiro delegado, e notificada por escrito ó interesado.

**Artigo 11º: Causas de baixa temporal:**

I. Estancia temporal no domicilio de familiares ou achegados que poidan realizar os labores obxecto do servizo

II. Ausencia do fogar por parte do beneficiario durante un período non superior a 2 meses e por causas forzosas, e non superior a 1 mes por vontade propia. En ambos casos, deberá seguir aboándose a cota correspondente á achega do beneficiario.

III. Cando por necesidades do servizo fose preciso amplialo número de usuarios e se considerasen prioritarios outros casos en función da situación persoal, sanitaria e/ou económica, poderíase proceder á modificación parcial ou á suspensión temporal.

**Artigo 12º. Criterios para a concesión**

Os criterios de concesión do servizo basearanse no baremo que se xunta como anexo I, e que contempla aspectos como:

I. Autonomía persoal para a realización de actividades da vida cotiá, puntuando niveis de dependencia derivadas de enfermidade física ou mental.

II. Situación socio-familiar, establecendo graos en que a familia ou persoas do contorno axuden ou poidan axudar ó usuario.

III. Situación socio-económica da unidade de convivencia, tomando como base os ingresos da unidade menos os gastos de alugueiro ou amortización da vivenda.

IV. Outros factores máis específicos coma localización, estado e equipamento da vivenda, gastos precisos para adquisición de bens que fagan posible o Servizo, existencia próxima de familiares con recursos ...

**Artigo 13º: Financiación**

O Servizo de Axuda no Fogar financiarase con cargo ó orzamento municipal, coas achegas que poidan realizar a Comunidade Autónoma, a Deputación Provincial e maila achega dos usuarios. Estes últimos colaborarán en función das súas posibilidades mediante a achega de cantidades determinadas a través de criterios obxectivos, e que irán dende a total gratuidade ata o pagamento total. Terase en conta no seu día o indicado en canto ao copagamento para persoas con cualificación de dependencia, conforme ó que determine a ordenanza fiscal correspondente.

**Artigo 14º: Soporte documental:**

O desenvolvemento da prestación deste servizo trae consigo a instrumentalización do seguinte dossier documental:

- I. Impreso-Instancia de solicitude
- II. Cadernos de valoración da situación social, económica e familiar
- III. Informe Social/proposta técnica de resolución
- IV. Resolucións de concesión e denegación do servizo
- V. Contrato entre usuario e Concello sobre tarefas a realizar, segundo anexo II.
- VI. Compromiso de aceptación das condicións do servizo e autorización de entrada no domicilio por parte do usuario
- VII. Ficha de usuario
- VIII. Impreso-Instancia de baixa voluntaria
- IX. Informe Técnico sobre baixa no servizo

**Disposición adicional**

No non previsto no presente regulamento estarase ao disposto na Orde da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais, de 22 de xullo de 1996, publicada no Diario Oficial de Galicia do 21 de agosto.

**Disposición derogatoria**

Queda derogado o regulamento da prestación do Servizo de axuda no fogar aprobado polo Pleno o 11 de novembro de 1998 e publicado no Boletín Oficial da Provincia número 44 do 24 de febreiro de 1999.

**Disposición final**

O devandito regulamento entrará en vigor unha vez publicado no Boletín Oficial da Provincia e unha vez transcorrido o prazo ó que se refire o artigo 70.2 en relación co 65.2 da citada Lei 7/1985, e comezará a aplicarse a partir do día seguinte.

**ANEXO I**

**FICHA BAREMO PARA A CONCESIÓN DA AXUDA**

BENEFICIARIO/SOLICITANTE:

DATA DA ELABORACIÓN:

PUNTUACIÓN OBTIDA “SITUACIÓN ECONÓMICA”

PUNTUACIÓN OBTIDA “AUTONOMIA PERSOAL”

PUNTUACIÓN OBTIDA “CONTORNO/VIVENDA”

PUNTUACIÓN OBTIDA “SITUACIÓN SOCIO-FAMILIAR”

TOTAL PUNTUACIÓN OBTIDA

**SITUACIÓN ECONÓMICA:**

| INGRESOS FAM.         | PUNTUACIÓN |           |                   |
|-----------------------|------------|-----------|-------------------|
|                       | 1 persoa   | 2 persoas | 3 ou máis persoas |
| Inferior ao 50% SMI   | 10         | 10        | 10                |
| Do 51 ao 65 % SMI     | 8          | 9         | 10                |
| Do 66 ao 75 % SMI     | 7          | 9         | 9                 |
| Do 76 ao 85 % SMI     | 6          | 7         | 8                 |
| Do 86 ao 100 % SMI    | 5          | 6         | 7                 |
| Do 101 ao 125 % SMI   | 4          | 5         | 6                 |
| Do 126 ao 150 % SMI   | 3          | 4         | 5                 |
| Do 151 ao 175 % SMI   | 2          | 3         | 4                 |
| Do 176 ao 200 % SMI   | 1          | 2         | 3                 |
| Do 201 ao 215 % SMI   | 0          | 1         | 2                 |
| Superior ao 215 % SMI | 0          | 0         | 1                 |

**AUTONOMÍA PERSOAL**

0. Normalmente ou sen precisar de axuda. Tamén pode reflectir a situación máis positiva do usuario con respecto ao item correspondente

- 1. Con certa dificultade
- 2. Con moita dificultade
- 3. Non pode

**DOMÉSTICAS**

| TAREFAS             | SOLICITANTE | FAMILIA | TOTAL |
|---------------------|-------------|---------|-------|
| <b>DIARIAS</b>      |             |         |       |
| LIMPAR POLVO        | 0-1-2-3     | 0-1-2-3 |       |
| FACER CAMAS         | 0-1-2-3     | 0-1-2-3 |       |
| FREGAR PLATOS       | 0-1-2-3     | 0-1-2-3 |       |
| VARRER              | 0-1-2-3     | 0-1-2-3 |       |
| <b>OUTRAS</b>       |             |         |       |
| FREGAR CHAN         | 0-1-2-3     | 0-1-2-3 |       |
| LIMPAR WC           | 0-1-2-3     | 0-1-2-3 |       |
| LIMPAR VERTICAIS    | 0-1-2-3     | 0-1-2-3 |       |
| ORDENAR LEÑA        | 0-1-2-3     | 0-1-2-3 |       |
| <b>COLADA</b>       |             |         |       |
| LAVAR               | 0-1-2-3     | 0-1-2-3 |       |
| PASAR FERRO         | 0-1-2-3     | 0-1-2-3 |       |
| ORDENAR             | 0-1-2-3     | 0-1-2-3 |       |
| <b>ALIMENTACIÓN</b> |             |         |       |
| FACER COMPRA        | 0-1-2-3     | 0-1-2-3 |       |
| PREPARAR ALMORZO    | 0-1-2-3     | 0-1-2-3 |       |
| PREPARAR XANTAR     | 0-1-2-3     | 0-1-2-3 |       |
| PREPARAR CEA        | 0-1-2-3     | 0-1-2-3 |       |
| MANEXO DE GAS       | 0-1-2-3     | 0-1-2-3 |       |
| COMER               | 0-1-2-3     | 0-1-2-3 |       |
| ELABORAR RÉXIME     | 0-1-2-3     | 0-1-2-3 |       |
| MEDICARSE           | 0-1-2-3     | 0-1-2-3 |       |
| TOTAL               |             |         |       |

**HIXIENE**

| TAREFAS        | SOLICITANTE | FAMILIA | TOTAL |
|----------------|-------------|---------|-------|
| <b>DIARIAS</b> |             |         |       |
| IR AO WC       | 0-1-2-3     | 0-1-2-3 |       |
| ASEARSE        | 0-1-2-3     | 0-1-2-3 |       |
| INCONTINENCIA  | 0-1-2-3     |         |       |
| PEITEARSE      | 0-1-2-3     | 0-1-2-3 |       |
| VESTIRSE       | 0-1-2-3     | 0-1-2-3 |       |
| ESPIRSE        | 0-1-2-3     | 0-1-2-3 |       |
| CALZARSE       | 0-1-2-3     | 0-1-2-3 |       |
| <b>OUTRAS</b>  |             |         |       |
| BAÑARSE        | 0-1-2-3     | 0-1-2-3 |       |
| PEDICURA       | 0-1-2-3     | 0-1-2-3 |       |
| AFEITARSE      | 0-1-2-3     | 0-1-2-3 |       |
| TOTAL          |             |         |       |

**ACOMPAÑAMIENTO**

| TAREFAS           | SOLICITANTE | FAMILIA | TOTAL |
|-------------------|-------------|---------|-------|
| <b>DIARIO</b>     |             |         |       |
| TODO O DÍA SÓ/SOA | 3           |         |       |
| MEDIA DÍA SÓ/SOA  | 1           |         |       |
| SAE DA CASA       | 0-1-2-3     |         |       |
| VE VECIÑOS        | 0-1-2-3     |         |       |
| FALA COS VECIÑOS  | 0-1-2-3     |         |       |
| FALA CON TELÉFONO | 0-1-2-3     |         |       |
| <b>OUTRAS</b>     |             |         |       |
| PASEA             | 0-1-2-3     |         |       |
| RELACIÓN CONTORNO | 0-1-2-3     |         |       |
| RECIBE VISITAS    | 0-1-2-3     |         |       |
| TELEASISTENCIA    | 3           |         |       |
| TOTAL             |             |         |       |

**CONTORNO/VIVENDA**

| SITUACIÓN                      | PUNTAJACIÓN  |   |
|--------------------------------|--------------|---|
| <b>CONTORNO</b>                |              |   |
| ZONA RURAL/DIFÍCIL ACCESO      | 3            |   |
| VIVENDA ILLADA POSIBLES APOIOS | 3            |   |
| <b>VIVENDA</b>                 |              |   |
| BARREIRAS INTERIORES           | EXCLUÍNTES   | 3 |
|                                | ASUMIBLES    | 2 |
| BARREIRAS EXTERIORES           | EXCLUÍNTES   | 2 |
|                                | ASUMIBLES    | 1 |
| CARENCIAS BÁSICAS              | ESTRUTURAIAS | 3 |
|                                | SERVIZOS     | 3 |
|                                | EQUIPAMENTO  | 2 |
| CARENCIAS ASUMIBLES            | ESTRUTURAIAS | 2 |
|                                | SERVIZOS     | 2 |
|                                | EQUIPAMENTO  | 1 |
| TOTAL                          |              |   |

**SITUACIÓN SOCIOFAMILIAR**

| SITUACIÓN                                    | PUNTAJACIÓN |
|----------------------------------------------|-------------|
| <b>VIVE SÓ/SOA</b>                           |             |
| CARECE FAMILIARES DIRECTOS                   | 3           |
| NON MANTÉN RELACIÓN FAMILIARES DIRECTOS      |             |
| <b>VIVE CON FAMILIA</b>                      |             |
| CONVIVE CON ENFERMOS OU DISCAPACITADOS       | 3           |
| CONVIVE CON FAMILIARES QUE TRABALLAN FÓRA    | 2           |
| A FAMILIA CARECE DE HABILIDADES DE COIDADADO |             |
| A FAMILIA PARECE PROBLEMAS DE RELACIÓN       |             |
| A FAMILIA NON ASUME O ROL DE COIDADADOR      |             |
| CONVIVE CON FAMILIARES CON OUTRAS CARGAS     | 1           |
| A FAMILIA PRECISA DESCANSA                   |             |
| TOTAL                                        |             |

**ANEXO II: CONTRATO ENTRE USUARIO E CONCELLO**

....., con DNI ....., con domicilio en ....., outros datos ....., etc.

**ACEPTA:**

Os servizos da traballadora familiar (auxiliar de axuda no fogar) ..... que realizará as tarefas de .....; durante os días ....., cunha duración de ..... horas/día....., e comprométese a aboar a cantidade de ..... /hora, de acordo cos recursos económico-familiares que xustifica documentalmente, COMPROMETÉNDOSE a respectar as normas regulamentarias do servizo.

Asinado, o usuario/a traballadora familiar (auxiliar de axuda no fogar)/a traballadora social

Val do Dubra, 11 de agosto de 2008

O alcalde

Juan M. Baleato Iglesias

08/9989-x

**V. ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA**

**V.4 JUZGADOS DE PRIMERA INSTANCIA**

**BERGA, PRIMERA INSTANCIA E INSTRUCCIÓN, NÚM. 1**

**CÉDULA DE NOTIFICACIÓN DE SENTENCIA**

*Juicio de faltas 244/2006 Penal A*

Secretario: José Francisco Serrano Romero

En el juicio de faltas 244/2006, que se sigue en este Juzgado por Falta de lesiones, se ha dictado sentencia de fecha 20.12.2007 que dice:

“ANTECEDENTES “ (...)

“HECHOS PROVADOS” (...)

“FONDAMENTOS JURÍDICOS” (...)

“FALLO : “

**F A L L O:**

Que debo absolver y absuelvo libremente de los hechos objeto del presente procedimiento a doña Marisol Arijón Pérez, declarando de oficio las costas del mismo.

Así, por esta mi Sentencia, de la que se llevara testimonio a los autos, quedando el original en el Libro de Sentencias de este Juzgado, definitivamente juzgando en esta instancia, lo pronuncio, mando y firmo, haciendo saber a las partes que contra la misma pueden interponer recurso de apelación en el plazo de cinco días.

**DILIGENCIA DE PUBLICACIÓN.** La anterior sentencia ha sido leída y publicada por el Juez que la suscribe en el día de su fecha, y estando constituido en audiencia pública. DOY FE. “

Expido este edicto para que conste así i para notificar la sentencia.

En Berga, 24 de julio de 2008

El/La secretari/ària

08/9990-x